



XOVES

I+D+i

Estimado/a amigo/a:

A **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** quere informarte sobre o **PROGRAMA ESTRATÉGICO DE CONSORCIOS DE INVESTIGACIÓN EMPRESARIAL NACIONAL (CIEN)** que ten vixente o **Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI)**.

A través desta convocatoria CDTI financia **grandes proxectos de investigación industrial e de desenvolvemento experimental**, en colaboración entre varias empresas, e orientados á realización dunha investigación planificada en áreas estratéxicas de futuro e con potencial proxección internacional.

Os **beneficiarios** desta axuda son **consorcios empresariais**, formados por un mínimo de tres e un máximo de oito empresas (polo menos dúas delas deben ser autónomas e unha PEME). Os proxectos deben contar ademais cunha **participación relevante de organismos de investigación** (centros públicos de investigación, universidades públicas e privadas e os centros tecnolóxicos e de innovación inscritos no rexistro creado polo RD 2093/2008 de 19 de decembro), de tal xeito que, polo menos, un 15% do orzamento total do proxecto debe estar destinado á subcontratación con organismos de investigación, dos que un debe ser de titularidade pública.

A duración dos proxectos será de entre 3 e 4 anos, o orzamento financiable debe oscilar entre os 7 e os 20 millóns de euros e o orzamento mínimo financiable por cada empresa será de 350.000 euros. A modalidade de financiamento será a través dunha **axuda parcialmente reembolsable** de até o 75% do orzamento financiable. O tramo non reembolsable será de até o 30% da axuda aprobada por CDTI. Pola súa banda, o tramo reembolsable devolverase nun prazo de 10 anos.

A presentación das solicitudes ten que realizarse a través da **sede electrónica de CDTI** até o 15 de xullo de 2014 ás 12.00 horas. A información completa da convocatoria está dispoñible na sección **Financiamento de proxectos de I+D+i** da web de CDTI. Ademais, GAIN en colaboración con CDTI están organizando unha **xornada de presentación das liñas xerais e instrumentos de financiamento de CDTI** para o vindeiro 26 de xuño, na que se falará especificamente desta convocatoria e haberá a posibilidade de manter reunións bilaterais cos representantes do organismo estatal. Se quere máis información sobre esta xornada pinche na seguinte [ligazón](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!